



2. O imposto devengarase o 1º de xaneiro de cada ano agás que se trate de 1ª adquisición, en cuio caso se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3. As alteracións no imposto como consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

#### ARTIGO 6.

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación de este imposto correspondelle ao ORAL, por estar delegado polo Pleno do Concello de Salceda de Caselas, sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ó término municipal.

2. Cando se trata de vehículos de alta por priemira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que se facilita nas oficinas xerais do Concello, con carácter previo a inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

3. Os titulares dos vehiculos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que alteren a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberána creditar previamente ante a Xefatura Provincial de Tráfico o pagamento do último recibo presentado ó cobro do Imposto sen perxuizo de que sexa exisíble por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están o cobro dende o 1 de xaneiro. Sea data en que o interesado debe formular a correspondente alteración é anterior o periodo de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ó exercicio ou parte deste.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS**

#### ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, a realización, en todo o termo municipal de Salceda de Caselas, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se tivera ou non dita licenza e, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. Para estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificación e instalación de nova planta.
- b) Derrubamentos
- c) Obras que afecten ao interior ou exterior de edificios.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e de rede de sumidoiro.
- f) Obras que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística.

**ARTIGO 2. EXENCIONS**

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeita ao mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como da súa conservación.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou persoas xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realice aquela.

Para estes efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra o que soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

**ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO.**

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible, o imposto sobre o valor engadido, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 2,75 %.

4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

**ARTIGO 5.—BONIFICACIÓNS.**

1. Establécese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarse coa solicitude previa do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros.

2. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalación, ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados igual á parte do importe da cota correspondente a esta instalación.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas a eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar gozaran dunha bonificación do 50%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación e autorización administrativa.



A bonificación prevista neste apartado aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin.

**ARTIGO 6. – XESTIÓN.**

1. Cando se conceda a licenza preceptiva, ou cando non solicitándose, concedido ou denegado aínda esta licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra practicarase unha liquidación provisional á conta, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio Oficial correspondente, cando iso constitúa un requisito preceptivo; noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo considerado do proxecto, ou baseándose nos módulos ou índices establecidos oficialmente e que constan na ordenanza fiscal.

2. Nos supostos en que non se presente proxecto de obras, se practicará liquidación provisional determinándose a base impositiva en función dos módulos que se describen no anexo desta ordenanza.

3. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará no seu caso a base impositiva á que se refire o artigo anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4. O Concello poderá existir este imposto en rexime de autoliquidación.

**ARTIGO 10. – INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**ARTIGO 11. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

No relativo ás cualificacións das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS,  
INSTALACIÓNS E OBRAS.**

A)

- A cota do imposto queda fixada para todo tipo de construcións, coas excepcións contempladas neste anexo no 2,75% do orzamento da obra.
- Cota mínima para aquelas obras ás que aplicándolles o tipo xeral de 2,75 % resultara inferior a 43,50 €: 43,50 €
- Licencias de 1ª ocupación (por vivenda, baixo): 43,50 €.
- Por parcela segregada de finca: 150,99 €
- Publicidade vertical por m2 (non cartel de obra): 14,50 €.
- Expedición e subministro de cartel de obra maior normalizado: 159,50 €
- Expedición e subministro de cartel de obra menor normalizado: 72,50 €
- Por instalación de grúa: 261,00 €.



## B) Cotas mínimas:

| TIPO DE OBRA   | ESTIMACIÓN ORZAMENTO       | TAXA AUTOLIQUIDACIÓN MÍNIMA |
|--|----------------------------|-----------------------------|
| Muro de protección (proyecto)                                    | 61 €/m <sup>2</sup>        | 43,57 €                     |
| Muro de peche  | 69,72 €/m <sup>2</sup>     | 43,57 €                     |
| Pintado de fachadas (sen andamio)                                | 6,97 €/m <sup>2</sup>      | 87,15 €                     |
| Cambio de fiestras   | 104,57 €/m <sup>2</sup>    | 26,14 €                     |
| Cambio de portas   | 103,72 €/m <sup>2</sup>    | 26,14 €                     |
| Cambio de tellas   | 43,57 €/m <sup>2</sup>     | 87,15 €                     |
| Construcción galpón de 60 m <sup>2</sup>                         | 130,72 €/m <sup>2</sup>    | 87,15 €                     |
| Movemento de terras  | 2,61 €/m <sup>2</sup>      | 43,57 €                     |
| Pozo de auga (3 m a lindeiro e 20 a pozo de auga)                |                            | 43,57 €                     |
| Fosa séptica 3 m a lindeiro e 20 a pozo de auga)                 |                            | 43,57 €                     |
| Tala de árbores  | 43,57 €/ud.<br>871,51 €/ha | 87,15 €                     |
| Demolición   | 13,08 €/m <sup>2</sup>     | 87,15 €                     |
| Colocación de antenas e pequenos elementos (toldos, iluminación) | 130,72 €/m <sup>2</sup>    | 26,14 €                     |
| Acondicionamento de local  | 217,86 €/m <sup>2</sup>    | 130,72                      |
| Reforma interior en vivenda                                      | 216,44 €/m <sup>2</sup>    | 130,72                      |

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº25 REGULADORA DO IMPOSTO  
SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

**PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas regula o imposto sobre actividades económicas, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Ó abeiro do establecido no artigo 15.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos ós que a Lei remite a súa ponderación pola corporación local.

**ARTIGO 1:**

A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección terceira da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

**ARTIGO 2:**

A cota tributaria será o resultado de aplicar ás tarifas do imposto, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 3 e, no seu caso, o coeficiente de situación.

**ARTIGO 3:**

De acordo co que prevé o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais de tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo dacordo co seguinte cadro:

| IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS      | COEFICIENTE |
|--|-------------|
| Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00    | 1,29        |
| Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00   | 1,30        |
| Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00  | 1,32        |
| Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00 | 1,33        |
| Máis de 100.000.000,00                 | 1,35        |
| Sen cifra neta de negocio              | 1,31        |